

# MÁIS do MESMO

**Preguntas persoais nas entrevistas de traballo, máis esixencias formativas para o mesmo posto, menos fillos e máis tarde que os seus compañeiros... a realidade laboral e persoal das enxeñeiras técnicas industriais, segundo un estudo presentado polo Coeticor, é un espello no que ben se poden reflectir moitas outras profesionais**

Patricia Vázquez –unha das representantes da Comisión da Muller creada polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña como órgano representativo das 267 profesionais adscritas– explicaba como fixeron un informe que desvela o

**Na franxa de idade dos 30-40 eles teñen máis fillos e antes, xa que as enxeñeiras pospoñen a decisión por medo a perdas laborais, sacrificando aspectos cruciais da vida persoal**

día a día laboral destas mulleres: cunha selección de preguntas enviadas a un grupo importante de enxeñeiros e enxeñeiras de toda Galicia onde se lles preguntaba polas dificultades ao atopar o primeiro emprego, as preguntas que se lles facía nas entrevistas de traballo, o posto desempeñado e as posibilidades de ascenso, o reparto de responsabilidades, a imposición de vestiario e as medidas de conciliación de vida familiar e profesional. E estas enquisas confirmaron o que calquera das mulleres do gremio sabía. Que a pesar dos innegables avances acadados, no mundo da Enxeñería Técnica Industrial, como noutros eidos, a muller é medida con outro nivel.

Sira Rey, outra representante da Comisión da Muller do Coeticor, apuntaba ante os xornalistas algunhas das achegas do estudo: “*á hora de acceder a un mesmo posto de traballo esíxese nos máis formación e máis nivel de idiomas ca un compañeiro noso coa mesma titulación, e pídenos máis especialización*”. Outro lugar, non por común menos grave: nas entrevistas de traballo que pasaron estas profesionais preguntóuselles en moita maior medida que aos varóns sobre a súa vida persoal, dándolle máis importancia ao feito de ter fillos ou poder telos, que se o solicitante dese posto fose un home. “*Aos nosos compañeiros xeralmente nunca lles preguntan por ese aspecto*”, aclaraba unha Sira Rey visiblemente embarazada, co que comprobará en breve as dificultades de traballar con horarios irracionais, pouco produtivos e dificilmente compatibles co coidado dunha familia. E outro apunte: en máis da metade das empresas relacionadas coa mostra aínda non está implantada ningunha medida para a conciliación, aínda que a boa noticia é que empeza a habelas. “*O acceso aos postos directivos, a pesar do aumento de mulleres nesta profesión –continúa Sira Rey– está moi vetado. Coidamos que en parte é porque as mulleres acabamos optando entre familia e as responsabilidades laborais, e ás veces decidimos non asumir mellores postos pola imposibilidade de conciliar. Sacrificamos unha cousa ou a outra*”, recoñece. O mellor para todos: “*que as xornadas de traballo mudaran, evidentemente*”, afirmaba a representante da Comisión.

Edmundo Varela Lema, o decano do Coeticor non faltou á presentación do estudo, o primeiro feito en España e que foi financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade.

